



Cursos de verán de lingua e cultura galegas destinados a persoas de fóra de Galicia. Prácticas nivel medio I

Profesor: Óscar Castro

Unidade 1: o aspecto físico e as partes do corpo (04/07/2023)

- Presentación do profesor e da organización das clases prácticas.
- Presentación de cada alumno/a diante dos seus compañeiros, indicando a súa procedencia, os seus estudos, coñecemento do galego e motivo do seu achegamento a nosa lingua.
- Para traballar o vocabulario das partes do corpo e do aspecto físico empregárase unha presentación de elaboración propia, ademais de vídeos do programa *Dígocho Eu* da TVG.
- Na primeira tarefa, os/as alumnos/as descubrirán un debuxo do corpo humano numerado e deben indicar cal é o número correcto a cada parte do corpo. Pódese facer en parellas.
- Cada alumno/a describirá ao seu compañeiro/a indicando trazos da súa cara e sinalando aspectos físicos do seu corpo que vimos nos contidos léxicos. Despois, cando finalice, quen crea que está a ser descrito/a presentárase.
- O alumnado terá que elaborar frases sinxelas empregando unha serie de verbos (*caer, golpear, doer...*) e o léxico do corpo humano.
- Despois de proxectar unha serie de fotografías sobre persoeiros galegos, cada alumno/a debe describir a un dos persoeiros atendendo as características do cabelo (cor, lonxitude, textura) e dos trazos singulares da súa cara (o nariz, os ollos, os beizos). De non coñeceren o persoeiro o profesor ofrecerá unha breve explicación de quen é a personaxe en cuestión.
- Por último, os/as alumnos/as sinalarán nun texto literario (*Querida amiga* de Marina Mayoral) as partes do corpo humano do protagonista e os fragmentos que describen cada unha.



Unidade 2: o carácter e os estados de ánimo (05/07/2023)

- Para traballar o vocabulario do carácter e os estados de ánimo empregárase unha presentación de elaboración propia.
- O profesor entregará aos alumnos/as unha ficha cunha táboa como a seguinte, onde deberán completar os sinónimos e antónimos dos termos seleccionados sobre o carácter e os estados de ánimo.

Termo seleccionado	Sinónimos	Antónimos
--------------------	-----------	-----------

- Os alumnos deben emparellarse entre si, mais en ningunha das parellas deben coincidir dúas persoas do mesmo país ou da mesma rexión. Esta tarefa ten tres fases:
 - Os integrantes da parella deben buscar estereotipos sobre a maneira de ser do outro.
 - Facer unha breve descrición psicolóxica do/a compañeiro/a confirmando ou desmentido os estereotipos.
 - Parella por parella leranse en alto os exercicios.
- Na pantalla proxectaranse algunhas das emoticonas máis empregadas en aplicacións de mensaxería instantánea coma, por exemplo, *WhatsApp*. Cada alumno/a ten que escoller unha emoticona e debe escribir unha mensaxe na que esa emoticona encaixe. Unha vez que teñan as mensaxes escritas, leranse en alto e os compañeiros deben indicar se lles parece que a emoticona representa a mensaxe que se escribiu. Así pódese comparar o uso que as diferentes culturas fan das emoticonas.

Unidade 3: a vestimenta e os traxes rexionais (06/07/2023)

- Para traballar o vocabulario da vestimenta empregárase unha presentación de elaboración propia, ademais de vídeos do programa *Digocho Eu* da TVG.
- En grupos de dous, o alumnado creará un evento ou actividade para o que precisarán roupa específica (desfile de moda nunha nave, unha voda nun pazo,



unhas vacacións na praia...). Tendo en conta o evento e súa localización, deberán representar a conversa que o cliente e o acompañante (pode ser só un cliente) ten co traballador/a da tenda de roupa ou centro comercial ao que vai mercar aquilo que precisa. Terán que facer unha introdución previa ao diálogo na que se explica cando tivo lugar a conversa e porque van a determinada tenda. Tamén se debe presentar o evento para o que se merca a roupa.

- O profesor proxectará imaxes de diferentes pezas de roupa visibles en páxinas web de tendas de orixe galega. Os/as alumnos/as deben describir o estilo que ven nas fotografías.
- O profesor explicará os compoñentes do traxe tradicional galego a través dun PDF. Posteriormente, o alumnado deberá falar sobre os traxes tradicionais dos seus propios países.

Unidade 4: a hostalaría e o comercio (07/07/2023)

- Para traballar o vocabulario da hostalaría e o comercio empregárase unha presentación de elaboración propia, ademais de vídeos do programa *Dígocho Eu* da TVG.
- A primeira tarefa farase en grupos de dous. O alumnado deberá sinalar cal é o tipo de aloxamento escollido para a súa estancia en Galicia, indicando se ten un cuarto individual ou dobre, con baño propio ou compartido, se teñen dereito a comida ou comen fóra, se fan os horarios alimentarios galegos ou os do seu país e outro tipo de comentarios que lles chamen a atención sobre a hostalaría galega. Despois poranse en común as súas observacións.
- A cidade de Santiago de Compostela ten tres áreas comerciais ben diferenciadas: o casco histórico, o ensanche e o centro comercial *As Cancelas*. A tarefa realizarase en grupos de tres e en cada grupo unha persoa deberá describir cada área comercial e posteriormente, en pequenos debates, defender os aspectos positivos desta fronte ás outras.



Unidade 5: o medio natural / o lecer e tempo libre (10-11/07/2023)

- Para traballar o vocabulario do medio natural empregárase unha presentación de elaboración propia, ademais de vídeos do programa *Dígocho Eu* da TVG.
- Para traballar o vocabulario do lecer e tempo libre empregárase unha presentación de elaboración propia seguindo unha enquisa feita no programa **Top10** da TVG de agosto de 2012. O programa elaboraba, a través dos votos das persoas enquisadas, unha clasificación en orde descendente das 10 cousas que máis nos gusta facer aos galegos no tempo de lecer no verán. Como sempre, tamén utilizaremos vídeos do programa *Dígocho Eu* da TVG.
- Brevemente, para lembrar os termos sobre o medio natural, o alumnado debe describir en voz alta como é a paisaxe do seu lugar de orixe.
- Os/as alumnos/as realizarán un exercicio de comparación da súa paisaxe orixinaria coa que viron, polo momento, na súa estancia en Galicia. Despois poremos en común as súas observacións.
- Os/as alumnos/as terán que explicar que lles gusta facer no seu tempo libre e en que maneira eses plans de ocio dependen do tempo atmosférico ou do presuposto do que dispoñen.
- En grupo de dous e coa táboa que o profesor lles entregará, o alumnado ten que elaborar un plan para o tempo de lecer. Este plan debe adaptarse os datos que inclúe a táboa (número de participantes, época do ano, tempo atmosférico, tempo do que se dispón para realizar o plan, orzamento) e realizárase nunha localización galega.

Unidade 6: as comidas e as bebidas / a alimentación (12/07/2023)

- Para traballar o vocabulario da comida e a bebida empregárase unha presentación de elaboración propia, ademais de vídeos do programa *Dígocho Eu* da TVG.
- Para traballar o vocabulario da alimentación empregárase unha presentación de elaboración propia, ademais de vídeos do programa *Dígocho Eu* da TVG.



- Na primeira tarefa, os/as alumnos/as agruparanse por países ou rexións de procedencia e deberán elaborar unha receita típica do seu lugar de orixe. Os pratos non poden repetirse (non pode haber dous pratos iguais do mesmo país). Despois cada alumno/a dun país ten que explicar ao resto da clase cadanseu prato típico.
- Co fin de lembrar o léxico da alimentación deberán responder a unha serie de cuestións sobre os hábitos alimenticios do seu lugar de orixe, ademais de indicar que alimentación lles resultou máis exótica durante a súa estadía en Galicia.
- De xeito individual, cada alumno/a debe expresar a súa opinión sobre varios temas referentes aos hábitos de alimentación propostos polo profesor (poden propoñer outros distintos).
- Co obxectivo de traballar sobre pratos típicos de todo o mundo proporcionaráselles aos alumnos/as unha serie de nomes de establecemento de restauración (de Santiago de Compostela) para que tenten adiviñar cal é a especialidade do local.

Unidade 7: o fogar e os obxectos de uso cotián (13-14/07/2023)

- Para traballar o vocabulario da vivenda empregárase unha presentación de elaboración propia, ademais de vídeos do programa *Dígocho Eu* da TVG.
- Para traballar o vocabulario dos obxectos de uso cotián empregárase unha presentación de elaboración propia, ademais de vídeos do programa *Dígocho Eu* da TVG.
- Cada alumno/a debe describir a súa casa ideal: número de habitacións, tamaño, materiais, decoración, localización... Primeiro disporán dun tempo de reflexión e escrita, pero despois deberán explicarlle ao resto da clase como sería a súa casa ideal.
- Coa axuda dunhas imaxes explicaráselle ao alumnado as partes da casa tradicional galega. Despois terán que falar sobre a arquitectura tradicional dos seus lugares de orixe. Tamén deberán describir brevemente a súa vivenda e algún obxecto ou espazo peculiar.



- Para lembrar o léxico dos obxectos de uso cotián, o profesor entregarlles aos alumnos/as unha listaxe de palabras relacionadas coa vivenda. Despois cada alumno/a deberá escoller unha e definila (indicando soamente en que parte da casa adoita atoparse e cal é o seu uso) aos seus compañeiros, que terán que adiviñar de que obxecto se trata.
- Por último, os/as alumnos/as deberán indicar cales son os obxectos de uso cotián sen os que non poden saír da casa ou que adoitan levar nos seus petos ou bolsos. Teñen que explicar o motivo.

Unidade 8: o mundo laboral e as profesións (17/07/2023)

- Para traballar o vocabulario do mundo laboral e as profesións empregárase unha presentación de elaboración propia, ademais de vídeos do programa *Dígocho Eu* da TVG e da páxina web *Eferro*.
- Co obxectivo de lembrar o léxico do mundo laboral, o profesor entregará ao alumnado unha serie de cuestións que inicialmente contestaran de xeito individual e despois porán en común diante dos compañeiros/as.
- Despois de ver na presentación algúns oficios artesanais ou empregos tradicionais galegos (máis concretamente a través da empresa zoqueira galega *Eferro*), os/as alumnos/as farán unha posta en común dos empregos tradicionais ou artesanais dos seus lugares de orixe (como se chaman, para que serven, se xa desapareceron ou non...).
- Para achegarnos ao mundo laboral, os/as alumnos/as describirán que elementos terían en conta para aceptar ou rexeitar un emprego.
- Relacionada coa tarefa anterior, o alumnado terá que redactar unha oferta de emprego seguindo uns modelos achegados polo profesor. Unha vez que todos teñan a oferta de emprego redactada deberán lela en alto para que o resto dos compañeiros se ofrezca a elaborar unha resposta a esa oferta. Cando todos os/as alumnos/as teñan asignada unha oferta e unha resposta simularanse entrevistas de traballo.



Unidade 9: a cultura, os espectáculos e as tradicións (18/07/2023)

- Para traballar o vocabulario da cultura, espectáculos e tradicións empregárase unha presentación de elaboración propia, ademais de amosarlle ligazóns onde se pode ver películas gratuítas en galego.
- Despois de aprender novo léxico sobre a cultura e as tradicións galegas, o alumnado explicará brevemente que foi o que máis che chamou a atención da nosa cultura. Coas respostas obtidas podemos elaborar un pequeno debate.
- Co obxectivo de descubrir o coñecemento que posúe o alumnado da cultura galega, o profesor entregarlles unha serie de cuestións que inicialmente contestaran de xeito individual e despois porán en común diante dos/as compañeiros/as.
- A última tarefa consistirá en redactar unha crítica dunha película ou obra de teatro escollida polos/as alumnos/as. Poden elaborar a crítica da película galega *Matria* que viron na primeira semana de curso.

Unidade 10: expresións para pedir desculpas e para aconsellar (19/07/2023)

- Para traballar o vocabulario de expresións para pedir desculpas e para aconsellar empregárase unha presentación de elaboración propia, ademais de vídeos do programa *Dígocho Eu* da TVG.
- Para coñecer expresións para aconsellar entrégaselle aos alumnos un exercicio que consiste en unir problemas con solucións e recomendacións.
- Por último, cada alumno/a deberá elaborar unha desculpa e un consello para varios contextos, dos cales cinco serán proporcionados polo profesor ou outros tres polos seus compañeiros.



GALEGO SEN FRONTEIRAS

XXXIII Edición dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas

3-24 de xullo de 2023

A AVALIACIÓN (20/07/2023)

No último día de clase cada alumno realizará unha proba oral consistente en expoñer, durante 10 minutos, un tema do seu interese. A esta exposición correspóndelle o 50% da nota, sendo o outro 50% asignado á participación activa na clase e ó progreso de cada un dos/as alumnos/as.